



CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100
Rúa arcai, 41 – Bembibre – C.P. 15873 – E-mail: correo@valdodubra.gal

CERTIFICACIÓN

María Cristina Varela García, secretaria-interventora do Concello de Xermade (Lugo), en réxime de acumulación de funcións no Concello de Val do Dubra, agás erro ou omisión involuntaria, CERTIFICO.

Que a Sesión Ordinaria de Xunta de Goberno Local deste concello, que tivo lugar o día 13 de xuño de 2024, adoptou o acordo que transcribo literalmente:

14.- 2024/C003/000003. APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DE OBRAS “PAVIMENTACIÓN DE VIARIO DA DP 1914 A DP 5903 POR REBOREDO”, POS + ADICIONAL 2/2023.

O Sr. alcalde-presidente dá conta da proposta da Alcaldía á Xunta de Goberno Local, de data 12.06.2024, do teor literal seguinte:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL

ASUNTO: APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS “PAVIMENTACIÓN DE VIARIO DA DP1914 A DP5903 POR REBOREDO”, POS ADICIONAL 2/2023.

EXPEDIENTE: 2024/C003/000003

ANTECEDENTES

Declaración de Necesidade subsrita pola alcaldía de iniciar o expediente de licitación do contrato das obras de **“Pavimentación de viario da DP1914 A DP5903 por Reboredo”**, do Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos), POS AD 2/2023, mediante procedemento aberto simplificado, **mediante a aplicación de fórmulas**, nos termos dos artigos 116 e 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).

Tipo de contrato: Contrato de obras	
Obxecto do contrato: Pavimentación de viario da DP1914 A DP5903 por Reboredo.	
Procedemento de contratación: Aberto simplificado	Tipo de Tramitación: Ordinaria
CPV: 45233251-3 Traballos de repavimentación	
Valor estimado do contrato: 77.175,68 euros	
Orzamento base de licitación SEN IVE: 77.175,68 euros	IVE%: 16.206,89 euros (21%)
Modificacións: 0,00 euros	
Orzamento base de licitación IVE incluído: 93.382,57 euros	

Val do Dubra, naturalmente



CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100
Rúa arcai, 41 – Bembibre – C.P. 15873 – E-mail: correo@valdodubra.gal

Duración da execución: 6 meses.	Lotes : NON
--	--------------------

- *Providencia da Alcaldía de inicio do expediente de licitación.*
- *Informe de Secretaría de procedemento a seguir para a tramitación da licitación proposta.*
- *Informe de Intervención sobre o 10% dos recursos ordinarios do orzamento.*
- *Documento de retención de crédito*
- *Pregos de cláusulas administrativas particulares asinados pola alcaldía e secretaría – intervención.*
- *Proxecto técnico que conta con informe favorable do técnico redactor do proxecto do 08.02.2024. Consta acta de replanteo previo do 16.02.2024.*
- *Memoria xustificativa de necesidades, art.116 da LCSP*
- *Informe proposta da secretaría e intervención*
- *Informe de fiscalización favorable da secretaría – intervención municipal*

*A competencia para aprobar o expediente de contratación corresponde ó alcalde, pero atópase delegada esta competencia na Xunta de Goberno Local, segundo Decreto da Alcaldía 505/2023 do 27.07.2023, a no uso do previsto na lexislación sobre Réxime local, **PROPOÑO***

Primeiro. *Aprobar o proxecto técnico das obras de **Pavimentación de viario da DP1914 A DP5903 por Reboredo**, Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal, POS AD 2/2023, redactado polo enxeñeiro de camiños, canais e portos, Pablo Blanco Ferreiro (colexiado núm. 22.992), cun orzamento base de licitación de 93.382,57 euros.*

Segundo. *Aprobar os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerán o contrato, de acordo co informe elaborado ao efecto e que figuran como anexo a este acordo.*

Terceiro. *Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto simplificado, tramitación ordinaria, mediante a aplicación de fórmulas, da licitación da obra de **Pavimentación no viario da DP1914 A DP5903 por Reboredo**, POS AD*

Val do Dubra, naturalmente



CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100
Rúa arcai, 41 – Bembibre – C.P. 15873 – E-mail: correo@valdodubra.gal

2/2023 convocando a licitación.

Cuarto. Aprobar o gasto correspondente por importe de **77.175,68 euros**, mais IVE (21%), **16.206,89 euros** o que fai un total de **93.382,57 euros**, con cargo á aplicación orzamentaria 1532.61900 do vixente orzamento prorrogado municipal para o 2024.

Quinto. Publicar o anuncio de licitación na Plataforma de Contratación do Sector público e publicar no perfil de contratante toda a documentación integrante do expediente de contratación, en particular os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e proxecto.

Sexto. Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais afectados e en particular aos de contratación e intervención.

Sétimo. Facultar ao alcalde do Concello de Val do Dubra para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado.

Asinado polo alcalde Diego Luís Díaz Méndez, no Concello de Val do Dubra, na data expresada á marxe da presente proposta á Xunta de Goberno Local ”.

Rematado o debate do asunto procédese á votación do mesmo.

A Xunta de Goberno Local **ACORDA** por unanimidade dos asistentes:

PRIMEIRO.- Aprobar o proxecto técnico das obras de **Pavimentación de viario da DP1914 A DP5903 por Reboredo**, Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal, POS AD 2/2023, redactado polo enxeñeiro de camiños, canais e portos, Pablo Blanco Ferreiro (colexiado núm. 22.992), cun orzamento base de licitación de 93.382,57 euros.

SEGUNDO.- Aprobar os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerán o contrato, de acordo co informe elaborado ao efecto e que figuran como anexo a este acordo.

TERCEIRO.- Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto simplificado, tramitación ordinaria, **mediante a aplicación de fórmulas**, da licitación da obra de **Pavimentación no viario da DP1914 A DP5903 por Reboredo**, POS AD 2/2023 convocando a licitación.

CUARTO.- Aprobar o gasto correspondente por importe de **77.175,68 euros**, mais IVE (21%), **16.206,89 euros** o que fai un total de **93.382,57 euros**, con cargo á aplicación orzamentaria 1532.61900 do vixente orzamento prorrogado municipal para o 2024.

Val do Dubra, naturalmente



CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100
Rúa arcai, 41 – Bembibre – C.P. 15873 – E-mail: correo@valdodubra.gal

QUINTO.- Publicar o anuncio de licitación na Plataforma de Contratación do Sector público e publicar no perfil de contratante toda a documentación integrante do expediente de contratación, en particular os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e proxecto.

SEXTO.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais afectados e en particular aos de contratación e intervención.

SÉTIMO.- Facultar ao alcalde do Concello de Val do Dubra para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado.

E para que conste, asino o presente certificado co visto e praxe do alcalde, coas limitacións do establecido no artigo 206 do RD 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento, organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, co visto e praxe do alcalde.

CONCELLO DE VAL DO DUBRA, 17 de xuño de 2024.

A secretaria, María Cristina Varela García

Visto e praxe,

O alcalde en funcións, Antonio Negreira Noya

Val do Dubra, naturalmente